# ORIXE E FORMACIÓN DA LINGUA GALEGA

## 1. NOCIÓNS INTRODUTORIAS:

- O galego é unha lingua románica, polo tanto procede do latín (ao igual ca o portugués, o catalán, o francés, o italiano…). Pero o latín do que proveñen estas linguas romances é o vulgar, é dicir, o falado pola poboación nos respectivos territorios. A propia identidade de cada un deles, xunto coas influencias lingüísticas anteriores á chegada do latín, fixo que este fora adquirindo matices distintos, dando lugar ás linguas románicas que hoxe coñecemos.

- O nacemento da nosa lingua románica, galego-portugués, (lingua única na Idade Media), prodúcese no século IX.

- Como xa vimos cando explicamos as palabras patrimoniais, cultas e semicultas, a maior parte do léxico galego é de orixe latina, pero ademais desta base, denominada ESTRATO, consecuencia da chegada dos romanos ao noroeste ibérico, o noso idioma conserva trazos, fundamentalmente léxicos, herdados doutros pobos que tamén tiveron a súa presenza nesta zona.

## 2. TAREFA:

Tendo isto en conta e **consultando a páxina 20** do teu libro de texto, completa o seguinte esquema:

LINGUAS DE ONDE PROCEDEN: anteriores á chegada dos romanos.

Palabras de uso común:

Topónimos:

Hidrónimos:

________________

Palabras conservadas:

________________

ELEMENTOS DO ________

# O GALEGO PROCEDE DO LATÍN

E NÚTRESE DE

ELEMENTOS DE ADSTRATO: <u>préstamos</u> procedentes doutras linguas.

ELEMENTOS DO ________

LINGUAS DE ONDE PROCEDEN: posteriores aos romanos

A partir do século V, traídas por suevos e visigodos:

________________

Palabras de uso común:

Topónimos:

Antropónimos:

A partir do século VIII:

________________

Palabras conservadas:

Topónimos: